



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

EXPEDIENTE: 2023/E001/000010 (Relacionado con 2022/E001/000014)

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA DE CONSERXE, GRUPO V, NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDO NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente que se tramita no Concello de Dodro para a cobertura mediante o sistema de concurso de méritos de 1 praza de conserxe, oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro (publicada no BOP núm. 102 do 31/05/2022 e no DOG núm. 103 do 31/05/2022). As bases foron aprobadas por Resolución da Alcaldía número 675/2022 de 30 de decembro de 2022 e pola Resolución da Alcaldía número 6/2023 de 17 de xaneiro de 2023 de corrección de erros.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes as prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a "Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas"

Por Resolución da Alcaldía núm. 594/2024 de 22/11/2024 resolveuse, entre outros, aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 10 días hábiles seguintes a publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, para presentar as reclamacións ou emendas de defectos.

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 11/12/2024 resulta que, rematado o prazo para a presentación de alegacións e/ou emendas contra listado provisional, foron presentadas as seguintes, a efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

- Montoiro Castro, Sonia María con DNI ***158***
- Rey Fernández, Cristina con DNI *** 830***

Finalizado o prazo de presentación de alegacións contra a resolución que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, e comprobados os requisitos esixidos na convocatoria.

Vista a Resolución da Alcaldía 635/2024 do 11/12/2024 de aplicación da tramitación de urxencia aos procesos de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar a emenda de documentación das seguintes persoas candidatas:

- Montoiro Castro, Sonia María con DNI ***158***, con Rexistro de Entrada núm. 20240000002218 de data 03/12/2024.
- Rey Fernández, Cristina con DNI *** 830***, con Rexistro de Entrada núm. 20240000002251 de data 10/12/2024.

SEGUNDO.- Declarar definitivamente admitidas no proceso de selección ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dunha praza de conserxe, grupo V, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do ano 2022.

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 1 OU EQUIVALENTE	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Montoiro Castro, Sonia María	***158***	SI	ADMITIDA
Nieto Figueira, Yolanda María	***898***	SI	ADMITIDA
Quintáns Romero, Jesús Ramón	***602***	SI	ADMITIDO
Rey Fernández, Cristina	***830***	SI	ADMITIDA

A inclusión das persoas aspirantes na lista definitiva de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aquelas reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases Reguladoras aprobadas.

TERCEIRO.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidente:

Titular: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello de Dodro.

Suplente: Roberto Grela Castro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Araceli Vázquez Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Suplente: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Ana María Rial Dafonte, funcionaria do Concello de Dodro.

Suplente: Fernando González Ares, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, funcionaria do Concello de Dodro.

Suplente: María Sonia Olveira Graña, funcionaria do Concello de Dodro.

CUARTO.- Convocar ao Tribunal Cualificador para a súa constitución e posterior baremación dos méritos, o día 13/12/2024, ás 09:00 horas, no Concello de Dodro (Tallós s/n, Dodro).

QUINTO.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Dodro.

SEXTO.- Notificar a presente resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

*Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe.*